



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O
DÍA 1 DE OUTUBRO DE 2021**

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 1 de outubro de 2021, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día.

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 12 DE AGOSTO E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 24 DE AGOSTO DE 2021.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.



2. RATIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA “IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA”.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO

RATIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA “IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA”.

Visto o Decreto de Alcaldía núm. 298, de data 16 de agosto de 2021, polo que se acorda a aprobación do convenio de colaboración-asociación para a xestión compartida da “implantación do servizo de punto limpo móvil Frades-Mesía”, de conformidade co artigo 47.2.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propónse ao Pleno a ratificación do citado Decreto, que de seguido se transcribe:

“Vista a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021)

Visto o interese dos Concellos de Frades e Mesía para a xestión compartida “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA”

Visto o convenio de colaboración entre os concellos de Frades e Mesía para a tramitación conxunta do SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA , mediante o sistema de xestión compartida, o cal se reproduce literalmente:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA “IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA”

REUNIDOS:

Por unha parte, D. ROBERTO REY MARTÍNEZ, Alcalde-Presidente do Concello de FRADES (A Coruña), segundo o acordo do Pleno de data 15 de xuño de 2019.

Por outra parte, D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde-Presidente do Concello de MESÍA (A Coruña), segundo o acordo do Pleno de data 15 de xuño de 2019.

Todos eles en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécese capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a xestión compartida do “PUNTO LIMPO MÓVIL”, ao abeiro da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en



materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021)

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

No marco da normativa anterior os Concellos prestan servizos dedicados á protección do ambiente e do espazo natural.

Segundo.- O artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXPAC), establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, unha xestión máis eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, é preciso minimizar custos e apostar por XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Cuarto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento realizar un exercicio de políticas públicas, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que possibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Quinto.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos.

Sexto.- Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL), como a Lei 5/1997, do 22 de xullo (LALGA) e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

O Art. 47.2.a da Lei 40/2015, de 1 outubro, establece que son convenios interadministrativos os asinados entre dous ou máis Administracións Públicas, e que poderán incluír a utilización de



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000009

medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

O Art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, establece que a suscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira.

Sétimo.-Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestación do "PUNTO LIMPO MÓVIL", mediante o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Créase unha agrupación entre o Concello de FRADES e o Concello de MESÍA para colaborar na xestión compartida do "SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL", ao abeiro da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021)

Segunda.- O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto será o municipio de Frades e o municipio de Mesía

Terceira.- O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, en aras dunha mellor coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- *Prestar de forma eficaz e eficiente este servizo público.*
- *Minorar os custos económico da súa prestación illada.*
- *Valorizar os recursos dispoñibles.*

Cuarta.-O Concello de Frades o Concello de Mesía aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021).

A xestión do proxecto será realizada polo Concello de FRADES (concello representante), que será a entidade promotora, e incluírá todo o relacionado coa xestión do proxecto, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexo tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, ..etc., excepto a tramitación das autorizacións administrativas que sexan esixibles atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos bens sobre os que se pretende actuar con ocasión do desenvolvemento do proxecto que se realizará de forma individual por cada un dos concellos que integra a agrupación), incluída a posibilidade de contratación de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000009

órgano de contratación de acordo co art.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación por parte do concello de representante, na forma en que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co art. 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP).

Quinta.- Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Sexta.- Nomear a D. ROBERTO REY MARTÍNEZ, Alcalde-Presidente do Concello de FRADES, representante con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que como beneficiario corresponde á agrupación para a xestión compartida entre o Concello de Frades e o Concello de Mesía.

D. ROBERTO REY MARTÍNEZ, Alcalde-Presidente do Concello de FRADES actuará como coordinador, interlocutor, preceptor e xustificador da axuda solicitada .

O Concello de FRADES comprométense solidariamente co Concello de MESÍA á execución e aplicación solidaria da subvención solicitada.

Sétima.- Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do proxecto asociado.

A subvención solicitada á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao abeiro da Orde de 1/07/2021 para os Concellos de Frades e Mesía ascende a 69.127,30 euros segundo o recollido no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS ELEXIBLES:				
Capítulo único		Unidade s	Precio unitario (€)	Precio total (€)
P0 1	Camión con 150CV e MMA 3.500kg, roda baixa, caixa basculante e con laterais abatibles, con grúa de 1.500kg con apoios anclada ó camión, con ABS e aire acondicionado. Inclue os contedores serigrafiados e pintados con ganchos para a súa manipulación indicados no apartado N°7.1.	1	53.000,00	53.000,00
P0 2	Campaña de información consistente no disposto no apartado N°8 de esta memoria	1	4.130,00	4.130,00
TOTAL CAPÍTULO				57.130,00
TOTAL COSTE DE EXECUCIÓN ELEXIBLE				57.130,00
I.V.E. (21%)				11.997,3



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000009

	0
TOTAL COSTE DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	69.127,30

As actuacións que vai a levar a cabo o Servizo de implantación dun punto limpo móvilestará enfocado nas liñas básicas de actuación que se relacionan no apartado 6º da Memoria Xustificativa.

Para desenvolver as labores de protección do medio ambiente a presente actuación ten por obxecto a mellora do servizo de recollida de residuos dos Concellos de Frades e Mesía. Consiste na habilitación de un vehículo de chasis debidamente carrozado que sirva como soporte dun punto limpo que poderá ser estacionado en diversos puntos dos municipios, con un calendario prefixado, facilitando a deposición de residuos concretos para a súa recuperación coas características sinaladas na Memoria explicativa.

O importe e porcentaxes de participación son os que se recollen no seguinte cadro:

ACTUACIONES ELEXIBLES:				
Subpartidas P01	Porcentaxe de responsabilidade na inversión	Importe de responsabilidade na inversión	Importe da subvención solicitada	Importe da aportación municipal
Participación económica do Concello de Frades na adquisición do camiión.	50%	32.065,00	32.065,00	0,00
Participación económica do Concello de Mesía na adquisición do camiión.	50%	32.065,00	32.065,00	0,00
Subpartidas P02	Porcentaxe de responsabilidade na inversión	Importe de responsabilidade na inversión	Importe da subvención solicitada	Importe da aportación municipal
Campaña de información no Concello de Frades	50%	2.498,65	2.498,65	0,00
Campaña de información no Concello de Mesía	50%	2.498,65	2.498,65	0,00
TOTAL		69.127,30	69.127,30	0,00

Calquera outro gasto non incluído no importe subvencionado derivado do funcionamento do **SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DUN PUNTO LIMPO MÓVIL** será sufragado a partes iguais por cada un dos concellos.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000009

Oitava.- O presente convenio terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto.

Non se disolverá a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- As partes asinantes, poderán solicitar a modificación do presente convenio no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula seguinte. De acordarse a modificación, esta formalizarase a través dun novo instrumento que será asinado polas partes convenientes.

O incumprimento das cláusulas do presente convenio, en particular as obrigas das partes asinantes establecidas na cláusula quinta deste dará lugar será causa da súa resolución .

Décima.- A vixilancia e seguimento da aplicación do convenio encoméndase a unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello.

Esta comisión terá como funcións: a coordinación, avaliación e seguimento das actuacións estipuladas no presente convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio

Décimo primeira.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á Orde de convocatoria das subvencións, así como os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse

Décimo segunda.- O presente convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do sector público (art. 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro), debendo aplicarse

En proba de conformidade asínase polas partes comparecentes, na data da sinatura dixital.

O Alcalde do Concello de Mesía

O Alcalde do Concello de Frades

Mariano Iglesias Castro

Roberto Rey Martínez (...)."

Tendo en conta as competencias atribuídas ao alcalde no Artigo 21.1.s da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a constitución da agrupación entre os concellos de FRADES MESÍA para colaborar na xestión compartida do "SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA" ao abeiro da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021).

Segundo.- Aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de FRADES e de MESÍA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO "SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA"

Terceiro.-Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución de concesión da subvención e no texto do convenio.



Cuarto.-Aceptar a delegación no concello de Frades das facultades para a tramitación administrativa do expediente e nomear a don a D. Roberto Rey Martínez, Alcalde-Presidente do Concello de FRADES, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

Quinto.-Ratificar a presente resolución polo Pleno da Corporación Municipal.

Sexto.-Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL."

Mesía, 27 de setembro de 2021 Asdo. O alcalde, Mariano Iglesias Castro

Manifesta o Sr. Alcalde que no seu día pedíuse esta subvención por decreto de alcaldía porque finalizaba o prazo de solicitude, pero debe ratificalo o Pleno xa que é da súa competencia. Vaise adquirir un camión e uns contedores para facilitar a recollida de certo tipo de enseres como complemento ao punto limpo fixo. Xa nos chegou a concesión da subvención polo importe total solicitado.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

3. MOCIÓNS.

O Sr. Alcalde manifesta que a Sra. Louro presentou, cando xa estaba convocado o Pleno, unha moción relativa ao anteproxecto de Lei de mellora de xestión do ciclo da auga, polo que en primeiro lugar debe apreciarse a urxencia da mesma, que pode xustificarse en que é necesario facer as alegacións canto antes, e mellor na fase de anteproxecto.

Sometida a urxencia da moción a votación, é apreciada por unanimidade dos concelleiros presentes.

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe, significando que non a presentou antes porque non dispuxo dela antes tampouco:

“Moción sobre o Anteproxecto de Lei de Mellora da Xestión do Ciclo da Auga

Beatriz Louro López, concelleira/o do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Mesía, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

1.- A Xunta de Galiza está a tramitar un novo Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo da auga. Este novo texto vén despois do seu fracaso ao intentar impoñer a coñecida como SOGAMA da auga no ano 2019. O obxectivo deste anteproxecto de lei afástase moito do seu título, xa que nada do seu contido supón ningunha intervención na mellora da xestión do ciclo da auga por parte da Xunta de Galiza.

Os obxectivos reais do mesmo poden resumirse en dous: incrementar de xeito importante a carga fiscal da Xunta en relación ao ciclo da auga aos Concellos, ás entidades de



xestión da auga e ás usuarias domésticas e asimilábeis, e derivar nas entidades locais, Concellos e Deputacións, as súas obrigas e competencias.

2.- Desde a súa chegada á presidencia da Xunta en 2009 a actuación do goberno do PP en relación coa xestión integral do ciclo da auga caracterizouse pola ausencia de planificación e programación. Galiza non ten elaborado nesta altura de 2021 ningún plan de xestión integral do ciclo da auga no ámbito das competencias galegas. O goberno presidido polo sr. Feijoo nin tan sequera cumpre coas obrigas legais establecidas en leis elaboradas por el mesmo. Así, non está elaborado o plan xeral de abastecemento nin o plan xeral de saneamento, pendentes desde a aprobación da Lei de augas en 2010. Na responsabilidade da Xunta de rexeneración e saneamento integral das rías non se avanzou nada, estando a día de hoxe pendente de sancións da UE por incumprimento reiterado das súas obrigas en materia de depuración.

No ano 2013 a Xunta asinou coa FEGAMP o Pacto Local da Auga que tiña como finalidades establecer os criterios tarifarios e de planificación hidráulica cos concellos, facendo referencia ao reparto dos fondos derivados dos ingresos polo canon da auga. Hoxe en día está todo por facer ou incumprido no referente a este Pacto da Auga, mentres a Xunta segue a impoñer impostos, taxas e obrigas aos Concellos.

3.- A precaria situación da planificación e xestión da depuración por parte de Augas de Galiza fai que agora pretendan devolverlle esa responsabilidade aos concellos (20 anos despois de declarala de interese xeral), utilizando a modificación e elaboración de novos marcos legais para esquivar as súas obrigas. Mesmo usando mecanismos de presión impropios dun goberno democrático, aqueles Concellos que non acepten as condicións da Xunta non participarán dos investimentos en obras hidráulicas.

4.- Nos últimos doce anos a Xunta de Galiza non ten dado ningún paso para ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego. A mellora e xestión efectiva do ciclo da auga en Galiza precisa dun impulso real a ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego e non só sobre a bacía de Galiza-costa, xa que o resto do sistema é de competencia estatal.

5.- Este Anteproxecto de Lei pretende incrementar o recadado polo canon da auga coa súa modificación establecendo unha nova cota e sancionando polas perdas nas redes de abastecemento ás entidades titulares. E fai isto sen que por parte da Xunta se teña avanzado na planificación do abastecemento. Como se se tratase dunha broma pesada faino nun ano no que vimos como as empresas eléctricas baleiraban impunemente os encoros galegos para lucrarse da nosa auga.

6.- O incremento do canon da auga como procedemento sancionador non é o único tributo que incrementa a Xunta. Así, transforma o coeficiente de vertedura en dous novos tributos: o canon de depuración e o canon de colectores. Incrementa o canon de depuración na fórmula de cálculo e introduce a obrigatoriedade de pago dos Concellos do canon de depuración pola auga da chuvia. Despois de anos de nula xestión por parte do goberno galego do sistema de depuración e da escasa colaboración cos Concellos na mellora da rede de saneamento, pretende obrigar aos municipios a pagar pola depuración da auga da chuvia nas edares que xestiona a Xunta.

Con estes tres cambios fiscais: canon da auga, canon de depuración e canon de colectores a Xunta multiplica por tres a carga fiscal actual pola xestión do ciclo da auga sen que isto supoña ningunha mellora na súa xestión por parte do goberno galego.

7.- O anteproxecto introduce a creación por parte da Xunta de aglomeracións urbanas para depuración, establecendo unha serie de obrigas de planificación e control, sen ningunha



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000009

obriga para a Xunta e sen ningunha capacidade de decisión para as entidades locais integrantes. Novamente a Xunta substitúe a súa ausencia de planificación pola recarga de novas obrigas sobre os Concellos e ameazas de procedementos sancionadores para os mesmos.

8.- Introduce condicións de financiamento e colaboración coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento arbitrarias, sen ter base nun estudo da realidade da xestión do ciclo da auga, sen ter en conta a capacidade económica dos municipios e sen incluír o esforzo orzamentario que levan feito os concellos nesta materia. Ademais, invade competencias doutras administracións ao pretender establecer mediante lei un sistema de financiamento a terzos (Deputacións, Concellos e Xunta) das infraestruturas hidráulicas nos concellos de menos de 20.000 habitantes. Cómpre lembrar que nos últimos anos a Xunta estivo recibindo fondos europeos para saneamento e depuración que foi incapaz de xestionar adecuadamente e que distribuíu no territorio de forma arbitraria e sen ningunha planificación que soportase os criterios de investimento.

9.- O anteproxecto tamén introduce un canon de abastecemento para aquelas infraestruturas de abastecemento que xestiona a Xunta. Novamente este canon non está acompañado de ningún estudo de costes e supón un importante incremento sobre o custe actual. A Xunta segue a introducir taxas nunha Lei evitando desta forma a capacidade de introducir cambios ou acordos por parte das entidades ás que presta o servizo. Hai no Anteproxecto de Lei unha confusión interesada entre convenio e relación contractual pola prestación dun servizo que terían os Concellos con Augas de Galicia como entidade empresarial.

10.- A falta de interese por parte da Xunta de chegar a unha axeitada xestión do ciclo da auga tamén se pon de manifesto polo feito de ter exposto a suxestións este Anteproxecto de Lei durante o verán, conscientes das dificultades dos Concellos para estudalo nesa época e da sociedade en xeral para poder coñecelo. Un interese real por resolver un problema tan grave para Galiza como a xestión do ciclo da auga precisa dunha actuación con altura de miras, con visión de país e con medidas reais para implicar a todos os actores involucrados na súa solución: Xunta, Entidades locais, comunidades de Augas, empresas, movemento asociativo e persoas usuarias...

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1-Instar á Xunta de Galiza á paralización da tramitación do Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga e á elaboración dunha planificación integral da xestión do ciclo da auga en Galiza.

2- Instar á Xunta de Galiza a abrir un marco de negociación con todas as entidades implicadas na xestión do ciclo da auga para a elaboración desta planificación.

3- Instar á Xunta de Galiza a reclamar do Estado a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico na Galiza
Mesía, 29 de setembro de 2021

Beatriz Louro López, Portavoz do Grupo Municipal do BNG"

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.



Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

4. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (287/2021 A 348/2021).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACION DECRETOS DO NÚM. 287 Ó 348 DO ANO 2021			
DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
287	Obras e urbanismo	Acordo de non división en lotes proxecto POS+AD 2/2021, 2ª FASE	09/08/2001
288	Organización e funcionamento	Convocatoria pleno ordinario 7/2021 do 12/08/2021	09/08/2021
289	Subvencións	Aceptación subvención Augas de Galicia obras de abastecemento, saneamento e depuración	10/08/2021
290	Padrón de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes	10/08/2021
291	Economía e Facenda	Expediente de xeración de crédito XC 12-2021	10/08/2021
292	Economía e Facenda	Execución do gasto 12/08/2021	12/08/2021
293	Contratación	Adxudicación contrato menor de obra, expte. CM 17-2021. PISTA NO OUTEIRO (BOADO) E OUTROS	13/08/2021
294	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia	13/08/2021
295	Contratación	Adxudicación contrato menor de obra, expte. CM 18-2021. PISTA DO CRUCE DA BERXA Ó CRUCE DE GUDÍN E OUTROS	13/08/2021
296	Contratación	Adxudicación contrato menor de obra, expte. CM 18-2021. PISTA DO CRUCE DE GUDÍN Ó MONTE E OUTROS	13/08/2021
297	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	16/08/2021
298	Subvencións	Convenio de colaboración entre os concellos de Frades e Mesía para a tramitación conxunta do SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA	16/08/2021
299	Economía e Facenda	Expediente de xeración de crédito XC 13/2021	16/08/2021
300	Organización e funcionamento	Convocatoria Comisión especial de seguimento do PXOM	16/08/2021
301	Servizos sociais	Alta usuario SAF	17/08/2021
302	Organización e funcionamento	Convocatoria da Xunta de Goberno Local 19/2021 do 19/08/2021	17/08/2021
303	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	17/08/2021
304	Economía e Facenda	Execución do gasto. Comisión mantemento e cancelación conta BBVA	17/08/2021
305	Contratación	Aprobación do expte. de contratación C02/2021 obra "CAMIÑO DE SOUTELO (OLAS) A LÍMITE VILAMAIOR (ORDES)"	18/08/2021
306	Contratación	Aprobación proxecto da obra "CAMIÑO DE AC-223 Ó LUGAR DE RECELLE (MESÍA)"	18/08/2021
307	Contratación	Aprobación do expte. de contratación C03/2021 obra "Aglomerado	18/08/2021



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000009

RELACION DECRETOS DO NÚM. 287 Ó 348 DO ANO 2021			
DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
		das Casas do Marco á Igrexa (Cabruí)	
308	Contratación	Aprobación proxecto obra "Acondicionamento núcleo de Busto"	18/08/2021
309	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	18/08/2021
310	Contratación	Aprobación do expte. De contratación C04/2021 obra "CAMIÑO DE AC-223 Ó LUGAR DE RECELLE (MESÍA)"	18/08/2021
311	Contratación	Aprobación do exte. De contratación C05/2021 obra "Acondicionamento núcleo de Busto"	18/08/2021
312	Organización e funcionamento	Convocatoria pleno extraordinario 8/2021 do 24/08/2021	19/08/2021
313	Persoal	Nomeamento secretario accidental Xulgado de Paz de Mesía	19/08/2021
314	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	20/08/2021
315	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	26/08/2021
316	Contratación	Corrección erro material Decreto 293/2021	26/08/2021
317	Contratación	Corrección erro material Decreto 295/2021	26/08/2021
318	Contratación	Corrección erro material Decreto 296/2021	26/08/2021
319	Persoal	Nomeamento secretaria accidental Xulgado de Paz de Mesía	26/08/2021
320	Economía e facenda	Execución do gasto 30/08/2021	30/08/2021
321	economía e facenda	Execución do gasto 31/08/2021	31/08/2021
322	Organización e funcionamento	Convocatoria ordinaria XGL 20-2021 DO 02-09-2021	31/08/2021
323	Servizos sociais	Alta no programa de axuda de alimentos	31/08/2021
324	Contratación	Adxudicación contrato menor Obra Cuneta en Fontorto (Boado). Expte. CM 21/2021.	01/09/2021
325	Contratación	Adxudicación contrato menor Obra Pista do Río Samo á Couto (Bascoi) e outros. Expte. CM 23/2021.	01/09/2021
326	Contratación	Adxudicación contrato menor Obra Pista no Couto (Xanceda) e outros. Expte. CM 22/2021	01/09/2021
327	Contratación	Adxudicación contrato menor Obra Actuacións de ampliacion e mellora rede de abastecemento de auga en diversos puntos do termo municipal. Expte CM20/2021	01/09/2021
328	Economía e facenda	Execución do gasto 02/09/2021	02/09/2021
329	Contratación	Adxudicación contrato menor servizo dirección obra Actuacións de ampliacion e mellora rede de abastecemento de auga en diversos puntos do termo municipal. Expte CM25/2021	03/09/2021
330	Padrón de habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	06/09/2021
331	Servizos sociais	Aprobación liquidación prestación servizos PAI setembro 2021	07/09/2021
332	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	07/09/2021
333	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	07/09/2021
334	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	07/09/2021

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



RELACION DECRETOS DO NÚM. 287 Ó 348 DO ANO 2021			
DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
335	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	07/09/2021
336	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	07/09/2021
337	Organización e funcionamento	Convocatoria ordinaria XGL núm. 21 do 16/09/2021	14/09/2021
338	Padrón de habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón municipal de habitantes	15/09/2021
339	Acción veciñal	Concesión subvención nominativa Club Deportivo Mesía	20/09/2021
340	Servizos sociais	Alta usuario no Servizo de axuda no fogar	20/09/2021
341	Servizos sociais	Alta usuario no Servizo de axuda no fogar	21/09/2021
342	Obras e urbanismo	Contrato menor obra. Adjudicación obra DEMOLICIÓN DE VIVENDA TRADICIONAL E ACONDICIONAMENTO DE PARCELA EN OLAS". Expte CM 26/2021	21/09/2021
343	Obras e urbanismo	Contrato menor obra. Adjudicación obra "REPARACIÓN E MELLORA DE PARQUES INFANTÍS" EXPTE. CM 29/2021	21/09/2021
344	Economía e facenda	Execución do gasto 21/09/2021	21/09/2021
345	Obras e urbanismo	Contrato menor obra. "REPARACIÓN E MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE XANCEDA, MESÍA" Expte. CM 28/2021	22/09/2021
346	Obras e urbanismo	Contrato menor obra. "PECHE PERIMETRAL DA PARCELA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA". Expte. CM 27/2021	23/09/2021
347	Padrón de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes	24/09/2021
348	Obras e urbanismo	Contrato menor obra. "PARQUE INFANTIL NA PRAZA PUBLICA DE CABRUI". EXPTE. CM30/2021	27/09/2021

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

5. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 5 E 19 DE AGOSTO E 2 DE SETEMBRO DE 2021.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Pide a palabra a Sra. Louro quen manifesta que o día 24 de setembro estreouse unha película, "Negro púrpura", financiada polo concello de Mesía, pero o concello non promocionou o filme nin fixo nada. Podían haberse dado entradas ou facer algún tipo de publicidade, ¿qué ten pensado facer o concello?, ¿porqué non se fixo nada? En todo caso o filme pareceume moi interesante.

Resposta a Sra. Sánchez que cando se fixo o filme a productora falou conmigo e decidiron filmar en Olas e pedíunos colaboración. Nós asistimos á proxección e Sabela díxome que a película primeiro se presentaba a uns premios e despois se proxectaría polos concellos, pero



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000009

cando despois efectivamente me chamaron para traela aquí eu dixen que non porque estaba pegando moi forte o tema do coronavirus e era mellor posponelo. A presentación estivo moi limitada de xente polo tema do covid, e do concello só estivemos a persoa que leva as actividades de tempo fora e eu, así como as familias que participaron. Estamos en contacto coa productora e esperamos que próximamente se faga.

Sinala a Sra. Louro que non fala da presentación oficial senón dun coloquio coa xente, manifestando a Sra. Sánchez que esa é a idea, pero a película, como dixen, aínda vai primeiro a concursos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que debe facerse publicidade de que a película está en salas, pero para a súa presentación no concello debe esperarse a que mellore a situación.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O Alcalde